

**ACTA Nº 6/2012**

**CONCELLO DE PARADELA**

**PROVINCIA DE LUGO**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOCE.**

En Paradela, a vinte e seis de setembro de 2012.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as trece horas e trece minutos, reúnen-se en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asiste a Sr. Concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA VEIGA RODRÍGUEZ.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26 DE XULLO DE 2012 E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 7 DE AGOSTO DE 2012.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de xullo de 2012 e a acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno o día 7 de agosto de 2012, das que as minutass foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de xullo de 2012 e da acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno o día 7 de agosto de 2012.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo dicindo que o seu Grupo vai a aprobar a acta do pleno Ordinario do 26 de xullo, pero quere deixar constancia que no punto referido á aprobación da modificación de crédito 9/2012 faise constar na acta que o informe de Secretaría-Intervención foi

leído, cando iso non foi así, debería dicirse, en todo caso, que o informe estaba incorporado ao expediente, pero non que foi leído xa que iso non se axusta á realidade.

O Sr. Alcalde, resposta dicindo que a acta é un resumo sucinto, e que a documentación que consta no expediente presuponse que esta foi leída.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten á sesión (oito do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

## **2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

## **3º. SORTEO DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA, A CELEBRAR O VINDEIRO 21 DE OUTUBRO DE 2012.**

O Presidente da Corporación inicia este segundo punto da orde do día dando conta aos concelleiros presentes da necesidade de proceder, de conformidade co establecido no artigo 26.4º da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, á elección por sorteo público dos membros que formarán parte das mesas nas vindeiras eleccións autonómicas, a celebrar o 21 de outubro de 2012.

A tal efecto comunicase que cos datos remitidos do censo electoral da delegación provincial do Instituto Nacional de Estadística levarase a cabo o sorteo utilizando a aplicación informática proporcionada polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

A continuación procedeuse a realizar o sorteo co seguinte resultado:

### **Distrito Censal 01 - Sección 001 - Mesa A**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
LÓPEZ	PÉREZ	GERARDO	76572221T	Cabaleiros de Santiago, 10	Presidente
LÓPEZ	LÓPEZ	JUAN LUIS	76614177G	Rúa do Muíño, 6	1º vogal
LÓPEZ	ÁLVAREZ	MARÍA NE-LI JUSTA	33802813N	Rúa do Toural, 2	2º vogal
LOSADA	RODRÍGUEZ	IVÁN	33351498A	Rúa Galicia, 13	1º suplente Presidente
LÓPEZ	LÓPEZ	MARCOS	33553418Y	Toimil, 5 - Barán	2º suplente Presidente
DIÉGUEZ	GUERRA	MARÍA ROSA	76564736J	Serra, 3 – Santa Cristina	1º suplente 1º vogal
LÓPEZ	GONZÁLEZ	JOSÉ	34220158E	Guián, 8 – Vilaragunte	2º suplente 1º vogal
LÓPEZ	ZOLLE	MAIKEL	33554347S	Riocabo, 2 Santa Cristina	1º suplente 2º vogal
LÓPEZ	RODRÍGUEZ	MANUEL	76616401C	Rúa Veiga nº 23	2º suplente 2º vogal

**Distrito Censal 01 - Sección 001 - Mesa B**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
TOIRÁN	MÉNDEZ	VÍCTOR	76579220F	Castrelo, 4 - Laxe	Presidente
LÓPEZ	PÉREZ	JULIA	33860496B	Fruxinde, 1 Ferreiros	1º vogal
LÓPEZ	SAMPEDRO	BEGOÑA	33348166Y	Parrocha, 3- Cortes	2º vogal
LÓPEZ	VÁZQUEZ	MARÍA JESÚS	33329761R	Pena, 9 - Ferreiros	1º suplente Presidente
RODRÍGUEZ	GAY	MANUEL	33537807N	Cortes, 7 – Cortes	2º suplente Presidente
GAYOSO	LÓPEZ	JOSÉ	33821100Z	Pared de Delle, 2 - Ferreiros	1º suplente 1º vogal
LÓPEZ	LÓPEZ	LORENA	33542427D	Pacios, 1 – Cortes	2º suplente 1º vogal
PÉREZ	VÁZQUEZ	MÓNICA	33541712F	Moutrás, 1 – Laxe	1º suplente 2º vogal
VÁZQUEZ	RODRÍGUEZ	DAVID	76582208M	Pena, 5 - Ferreiros	2º suplente 2º vogal

**Distrito censal 01 - Sección 002 - Mesa A**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
RODRÍGUEZ	LÓPEZ	EVA	34277359E	Mosteiro Vello, 30	Presidente
LÓPEZ	PÉREZ	MANUEL	34248091X	Barreiras, 1	1º vogal
DÍAZ	LÓPEZ	BAUTISTA	34257975G	Cerxedo, 8	2º vogal
LÓPEZ	RODRÍGUEZ	JULIA	34258796C	Cerxedo, 6	1º suplente Presidente
FERNÁNDEZ	BERGANTIÑOS	OMAR	33553103J	Mosteiro Vello, 24	2º suplente Presidente
LÓPEZ	LÓPEZ	MARÍA TERESA	34251183C	Valmigallo, 1	1º suplente 1º vogal
RODRÍGUEZ	LÓPEZ	CARMEN	76614147C	Acevedo, 4	2º suplente 1º vogal
LÓPEZ	FERNÁNDEZ	MARÍA ISABEL	05366728T	Bariz,20	1º suplente 2º vogal
GONZÁLEZ	ARIAS	JAVIER	33559678X	Foliebar, 3	2º suplente 2º vogal

### **Distrito Censal 01 - Sección 002 – Mesa B**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
RODRÍGUEZ	RODRÍGUEZ	CRISTINA	33546864F	Aldosende, 4 - Aldosende	Presidente
VÁZQUEZ	LÓPEZ	FLORENTINO	33342869E	Loio, 9 - Loio	1º vogal
LÓPEZ	RODRÍGUEZ	MARCOS	33337482V	San Vicente, 5 San Vicente	2º vogal
RODRÍGUEZ	ABELLA	MARÍA LUZ	33541835S	Colado, 3 - Aldosende	1º suplente Presidente
ARIAS	ARIAS	MARTA	33311012C	Pol, 3 – San Martiño Castro	2º suplente Presidente
ABELLA	RODRÍGUEZ	MARÍA LUZ	34254147V	Cimadevila, 1 – San Vicente	1º suplente 1º vogal
VÁZQUEZ	LÓPEZ	EVA	33341009W	Gondar, 4 – Aldosende	2º suplente 1º vogal
LÓPEZ	GONZÁLEZ	MARÍA ANA	33316250Z	Santalla s/n - Santalla	1º suplente 2º vogal
LÓPEZ	GARCÍA	MARÍA DEL MAR	76575042S	Cepadas, 1 - Santalla	2º suplente 2º vogal

#### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Alcalde comenza dicindo que moitas das preguntas formuladas refírense a proxectos que están a disposición de todos os Concellerios e non hai máis que pedirlos para poder consualos, xa que nunca se lle nega o acceso a ningún expediente, polo que non entende o sentido das mesmas, salvo que sexa por lucimento persoal.

A Voceira do Grupo Municipal Socialista di que é certo que non se lle nega o acceso aos expedientes, pero quere que as preguntas e os temas contidos nelas consten en acta.

A continuación o sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas de xeito escrito polo Grupo Municipal Socialista, con entrada no Rexistro en data 13 e 18 de setembro de 2012.

A primeira delas ten o seguinte tenor literal:

*Dna. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de Concelleira Portavoz do grupo Socialista no Concello de Paradela comparece, e como mellor en Dereito proceda, DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

#### **PREGUNTAS**

*Con respecto á depuradora para a que se solicitou axuda á Consellería de Economía e Industria:*

- 1. ¿Qué capacidade tería dita instalación?*
- 2. ¿A quen daría servizo?*

3. *¿Cando se prevé iniciar as obras?*

O Sr. Alcalde, resposta:

- A capacidade da instalación é de 29.304 m<sup>3</sup> anuais de tratamento de auga.
- Daría servizo ao Polígono Industrial.
- O inicio das obras prevese inminente xa que ten que estar rematada antes do 15 de novembro.

A segunda pregunta foi a seguinte.

*Dna. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de Concelleira Portavoz do grupo Socialista no Concello de Paradela comparece, e como mellor en Dereito proceda, DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

*PREGUNTAS*

*Na Xunta de Goberno do día 31 de maio, faise referencia a unha subvención solicitada ao AGADER para a reforma do tanatorio,*

*“pretendendo levar a cabo as seguintes actuacións:*

- *Dignificación do edificio, con acondicionamentos interiores e exteriores, consistentes na substitución de acabados e imaxe exterior do edificio modificando a súa fachada, dado o estado actual.*
- *Ampliación do tanatorio habilitando un segundo velatorio (zona de estar, zona de exposición familiares e zona de exposición cadáver), dadas as limitacións funcionais e espaciais das instalacións actuais.*
- *Creación de pasillo de comunicación coa sala de tanatopraxia mediante a excavación en trinchera para cumprir a normativa sectorial.*
- *Dotación de elementos de domótica e produción solar de auga quente sanitaria para a mellora do funcionamento e a racionalización de custos. “*
  1. *¿Pode explicar mais concretamente as actuacións?*
  2. *¿Está o proxecto dispoñible?*

O Sr. Alcalde, resposta:

- *As actuacións aparecen claramente reflectidas, xa que se refire ao acondicionamento interior e exterior, ampliación a un segundo velorio, creación dun pasillo de comunicación coa sala de taxanoterapia e dotación de domótica e produción de enerxía solar de auga quente mediante placas solares.*
- *O proxecto está dispoñible e foi remitido xunto coa solicitude.*

A terceira pregunta consistiu:

*Dna. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de Concelleira Portavoz do grupo Socialista no Concello de Paradela comparece, e como mellor en Dereito proceda, 'DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

## PREGUNTAS

*Con respecto á piscina municipal,*

1. *¿Por qué motivo se cerra tan cedo, tendo en conta os bos días que veñen en setembro?*

2. *¿Cómo se adxudica o aproveitamento da cafetería? ¿en qué condicións?*

3. *Na Xunta de Goberno do 10 de maio faise mención á seguinte factura:*

- *INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO, S.L., con C.I.F. B-27027143, factura correspondente as probas e confección de informe de resultados sobre a piscina municipal, por importe de 3.263,41 euros. Dita factura tivo entrada no rexistro do Concello o día 13 de abril do ano en curso.*

*¿En que consistiu dito informe? ¿con que obxectivo se fixo?*

O Sr. Alcalde, resposta:

- Pechouse en setembro porque a contratación dos socorristas vía programa de cooperación foi concedida por dous meses (xullo e agosto).

- A adxudicación do aproveitamento da cafetería foi realizada por Resolución de Alcaldía de data 22 de xuño por contrato menor á mellor oferta económica, por un ano; facendo constar que nin siquiera é necesario facelo deste xeito.

- O informe consistiu en examinar a detección das fugas da piscina dando diversas alternativas para a súa solución, as cales foron levadas a cabo por medios propios polos operarios municipais.

A cuarta pregunta tivo o seguinte tenor literal:

*Dna. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de Concelleira Portavoz do grupo Socialista no Concello de Paradela comparece, e como mellor en Dereito proceda, DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

## PREGUNTAS

*Pola acta da Xunta de Goberno celebrada o pasado 29 de marzo, soubemos que chegou a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural e do Mar – Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos, dentro dos Proxectos Estratégicos de Infraestruturas no Medio Rural 2012 (PEIM 2012) as obras de:*

- *Camiño en San Pedro.*
- *Camiño en Cepadas.*
- *Camiño en Vilarreguenga.*
- *Camiño en Foilebar.*
- *Camiño en Cerxedo*
- *Camiño en Nai*

*Por un importe aproximado de 68.771,46 €.*

*Pero cando se acordou facer a solicitude, en xunta de goberno do 26 de xaneiro, se acordou incluír as seguintes actuacións:*

- *Accesos a Foilebar.*
- *Accesos a Vilarreguenga.*
- *Accesos a Cepadas – Santa Eulalia.*
- *Accesos a San Pedro.*
- *Accesos a Nai por “Penedo da Vaca”.*

- *Rexeneración cruce de Bustaregas a estrada provincial de Castro de Rei*

*Polo tanto,*

- 1. ¿Qué motivou dito cambio?*
- 2. ¿En qué consiste cada intervención?*

O Sr. Alcalde, resposta:

- Non houbo cambio algún, senón que acordo da Xunta de Goberno Local de xaneiro, refírense as actuacións que pretende levar a cabo o Concello. Unha vez axustado o orzamento que lle corresponde, o acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de marzo de 2012, refírese as obras definitivas do PEIM RURAL do ano 2012 que poden levarse a cabo co orzamento que hai.

- As actuacións consisten no reafirmado dos camiños.

A quinta pregunta tivo o seguinte tenor literal:

*Dna. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de Concelleira Portavoz do grupo Socialista no Concello de Paradela comparece, e como mellor en Dereito proceda, DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

*PREGUNTAS*

- 1. ¿Qué edificios públicos son os que ten obrigación de limpar a empresa Limpezas M.. Xaum?*

O Sr. Alcalde, resposta:

Os edificios públicos incluídos no contrato de servizo de limpeza de edificios públicos son: Casa do Concello, o Centro Médico, o Centro Sociocultural, as Antigas Escolas, o Colexio, o Recinto Feiral, a Antiga Cámara Agraria, o Pabellón do Colexio e o Tanatorio.

A sexta pregunta tivo o seguinte tenor literal:

*Dna. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de Concelleira Portavoz do grupo Socialista no Concello de Paradela comparece, e como mellor en Dereito proceda, DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

*PREGUNTAS*

*No Decreto do 31/08/2012 resultan recoñecidas as seguintes facturas das que solicitamos aclaración:*

- Restaurante Río Loyo, factura nº 10026 de 10/06/12, “Moterros”, 349 €.*
- Restaurante Río Loyo, factura nº 10034 de 30/06/12, “43 comidas campus Diego López”, 470 €.*

O Sr. Alcalde, resposta:

Que se trata dunha colaboración do Concello tanto co Motocuble pola Ruta Turística pagando uns pinchos; coma dunha colaboración xunto co Concello de Sarria e

a Sociedade Deportiva Sarriana, co Campus Diego López cando os rapaces do Campus foron facer a Ruta Turística.

A sétima pregunta tivo o seguinte tenor literal:

*Dna. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de Concelleira Portavoz do grupo Socialista no Concello de Paradela comparece, e como mellor en Dereito proceda, DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

*PREGUNTAS*

*Con respecto ao Decreto polo que secca proba o canon da auga e o coeficiente de vertedura, publicado no DOG de 22/06/2012 e que é de aplicación a partires do 1/07/2012,*

*- Pódenos explicar que está a facer o Concello para o seu cumprimento.*

O Sr. Alcalde, resposta:

Informar ao veciños.

A oitava e última pregunta formulada por escrito tivo o seguinte tenor literal:

*Dna. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de Concelleira Portavoz do grupo Socialista no Concello de Paradela comparece, e como mellor en Dereito proceda, DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

*PREGUNTAS*

*Vistos os Decretos de aprobación de facturas ata a data observamos que os gastos relativos ao homenaxe do fillo predilecto ascenden a 1565,93 € (floristería, 90 €, pin e corbata, 10185,34 €, deseño, debuxo e caligrafía do diploma, 300 €, joyería 104 €, diploma, 48,59),*

*1. ¿Non pagou o Concello o correspondente á cea das autoridades presentes?*

*2. De ser así, ¿sábese a canto ascende o gasto?*

*3. A factura de floristería Pili Madeira, nº 12/87 con data 30/06/2012, está recoñecida en dous decretos, o de 31/07/12 e o de 28/08/12, ¿podemos entender que dito erro non implica o pago por duplicado de dita factura?*

O Sr. Alcalde, resposta:

O Concello paga o corespondente á cea das autoridades, por un importe de 1.100 euros, factura aprobada por Decreto de Alcaldía de data 29 de xuño de 2012 e dado de conta ao Pleno na sesión ordinaria celebrada en data 26 de xullo de 2012.

En canto á factura da floristería Pili Madeira o Decreto de 31.07.12 refírese á aprobación da factura mentras que o de data 28.08.12 refírese ao pago material da mesma. Polo que non hai ningún erro nin duplicidade; tratase de fases distintas unha o recoñecemento da factura e outra a orde de pago.

Por último formula unha pregunta oral, a voceira do Grupo Municipal do Partido Socialista, sobre como está o tema da Central Hidroeléctrica.



O Sr. Alcalde resposta dicindo que non se vai a facer, que ten constancia delo e dá por feito que non se vai levar a cabo.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do vinte e seis de setembro de dous mil doce, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Visto e prace  
O Alcalde**

**O Secretario-Interventor**